




CINE



IES A PONTEPEDRIÑA


R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL
2014



*Agasalla
libros polo
Nadal*

1º e 2º da ESO



Escarlatina, a cocineira defunta. Leticia Costas

Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulles aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario. Nese día tan especial recibiu un megasusto, un agasallo moi singular, as instrucións para activar a Escarlatina, unha cocineira falecida no século XIX que nunca se separa de Lady Horreur, un arrepiente arañón con acento francés.

Os Megatoxos e o dragón de xade. Antón Fariña

Nesta nova aventura os Megatoxos, viaxan ao Xapón medieval na procura do Toxo para evitar que Namuzu, unha aparición oriental, provoque un terremoto devastador. Alí comprenderán o importante que son a familia e os nosos devanceiros, ao descubriren cousas do seu propio pasado.




A illa do tesouro. Robert L. Stevenson.

Un mociño inglés do século XVIII vive neste libro, clásico no seu xénero, unha aventura extraordinaria. Misturados el e máis os seus amigos cunha grea de bucaneiros disfrazados de xente de ben, e norteados polo mapa que tirara o rapaz do cofre dun pirata finado, bótanse ao mar tras o engado do fabuloso tesouro soterrado nunha afastada illa descrita no mapa.

3º e 4º da ESO

Ámote Leo A. Terminal de...chegadas? Rosa Aneiros.

«Mamá, volvo á casa. Xa.» Así lle escribe Leo á súa nai unha noite de primavera, catro meses despois do inicio da súa fascinante viaxe polo mundo. A moza non ten gana de máis. En cambio, unha sucesión de acontecementos inesperados fará que a súa vontade dea varias voltas sobre si mesma ata deixala ao bordo do precipicio. Terminal de... chegadas é a terceira e última entrega da triloxía Ámote Leo A. Seis meses, seis mil euros, e nada parece ter agora importancia. Tan só resta por saber unha cousa: regresará Leo algún día?




Persépole. Marjane Satrapi.

Marjane Satrapi, unha das artistas iraníis máis aclamadas, galardoada con varios premios entre os que destacan o Premio ao Autor Revelación 2001 e Mellor Guión 2002 no Festival Internacional de Cómic de Angoulême, ofrécenos un relato autobiográfico sobre a súa infancia en Irán, que é a súa vez un excelente testemuño histórico dun pobo e unha época. Grazas á súa gran carga emotiva, crítica e irónica, *Persépole* converteuse nun cómic de referencia.

A balada do café triste. Carson McCullers.



O café convértese no punto de reunión da xente dunha vila rural do sur dos Estados Unidos, e recolle os cambios que o amor provoca coma se dun personaxe máis da novela se tratase. Carson McCullers describe con gran sensibilidade os temas da soidade, o desamor e a complexidade das relacións humanas a través dun triángulo de amor non correspondido. Inverte os roles de xénero e rexeita someter os seus personaxes aos habituais patróns de conducta, criticando a hipocrísia e os rixidos valores morais do antigo sur dos Estados Unidos.



1º e 2º de BAC

Futuro Imperfecto. Xulia Alonso Díaz.

Vida e literatura ás veces camiñan á par. Iso acontece neste libro, no que Xulia Alonso narra a historia máis importante da súa vida: a do seu amor por Nico e a da experiencia da súa perda. Durante as décadas de 1980 e 1990, moitos mozos descubriron simultaneamente o amor e a droga. As consecuencias desa vivencia marcáronos para sempre, a algúns de xeito dramático.



A diagonal dos tolos. Santiago Lopo.

Correr. Vivir. Sobrevivir. Unha persoa atravesa a pé a illa da Reunión, no Océano Índico. Por que corre? Cumprirá o seu obxectivo? Os ritmos africanos do maloya van marcar a cadencia desenfreada dunha carreira que agocha un segredo terrible e escuro. Santiago Lopo desvela os misterios da antiga Île Bourbon, nunha novela que engaiola dende a primeira páxina grazas a unha narración áxil e intensa.

O derradeiro libro de Emma Olsen. Berta Dávila.

Emma Olsen afronta os seus derradeiros meses de vida afectada por unha enfermidade terminal e sabe que a morte non tardará en chegarlle. Mais ela é escritora, e decide dedicar o tempo que lle queda a rematar unha novela que non é exactamente unha novela, senón unha crónica en primeira persoa dos anos máis importantes da súa vida, os do final da adolescencia.

